<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ e ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Creación dixital de imaxes. ▪ B4.7. Deseño dun proxecto publicitario. ▪ B4.8. Desenvolvemento dun proxecto persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Realizar composicións creativas a partir de códigos utilizados en cada linguaxe audiovisual, amosando interese polos avances tecnolóxicos vinculados a estas linguaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB4.3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 20,00%
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB4.3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 20,00%
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 20,00%
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ f ▪ h ▪ n ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.9. Análise crítica da linguaxe publicitaria. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Amosar unha actitude crítica ante as necesidades de consumo creadas pola publicidade, rexeitando os elementos desta que supoñan discriminación sexual, social ou racial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB4.4.1. Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 20,00%

4ºESO: SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN.

1ª AVALIACIÓN:

TEMA I	SISTEMA DIÉDRICO.
TEMA II	PROYECCIONES DIÉDRICAS CARA Á REPRESENTACIÓN DE DISEÑOS PROPIOS.
TEMA III	ANÁLISE DE FORMAS. GEOMETRÍA PLANA.
TEMA IV	PROCESO DE CONFIGURACIÓN GRÁFICA. CARBONCILLO.

DENTRO DOS TEMAS PROPOSTOS, PARA A PRIMEIRA AVALIACIÓN ORDINARIA, ENCONTRÁNSE AS SEGUINTE PARTES DOS BLOQUES **MARCADAS CON COR VERMELLA** NO APARTADO DE **CONTIDOS** PROPOSTOS PARA CUARTO DA ESO.

2ª AVALIACIÓN:

TEMA III	ANALISE DE FORMAS. GEOMETRÍA PLANA.
TEMA IV	PROCESO DE CONFIGURACIÓN GRÁFICA. CARBONCILLO.
TEMA V	SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN. CLASES DE PROYECCIONES.
TEMA VI	PERSPECTIVA AXONOMÉTRICA. ISOMÉTRICA. (TEMA IX-ESTUDIO DAS SOMBRAS)
TEMA VII	PERSPECTIVA CABALEIRA.(TEMA IX-ESTUDIO DAS SOMBRAS)
TEMA VIII	ESTUDIO DAS SOMBRAS.
TEMA IX	PERSPECTIVA CÓNICA.

DENTRO DOS TEMAS PROPOSTOS, PARA A SEGUNDA AVALIACIÓN ORDINARIA, ENCONTRÁNSE AS SEGUINTE PARTES DOS BLOQUES, **MARCADAS CON COR VERDE** NO APARTADO DE **CONTIDOS** PROPOSTOS PARA CUARTO DA ESO.

3ª AVALIACIÓN:

TEMA X TÉCNICAS PICTÓRICAS. (ÓLEO, ACRÍLICO E DISTINTAS TÉCNICAS DE GRAVADO).
TEMA XI O DESEÑO.
TEMA XII A IMAXE.

DENTRO DOS TEMAS PROPOSTOS, PARA A TERCEIRA AVALIACIÓN ORDINARIA, ENCÓNTRANSE AS SEGUINTES PARTES DOS BLOQUES, **MARCADAS CON COR AZUL** NO APARTADO DE **CONTIDOS** PROPOSTOS PARA CUARTO DA ESO.

PAUTAS XERAIS.

AVALIACIÓN DOS ALUMNOS/AS.

ESTRUTURA DAS PAUTAS DE AVALIACIÓN.

A estrutura de exposición das pautas de avaliación será a seguinte:

- | | |
|---|----|
| 1. PAUTAS DE AVALIACIÓN PRESENCIAL. | 53 |
| 2. PAUTAS DE AVALIACIÓN SEMIPRESENCIAL. | 60 |
| 3. PAUTAS DE AVALIACIÓN NON PRESENCIAL. | 60 |

Este Departamento opina que o ideal será a primeira forma de valorar o traballo e as dúas segundas posibilidades estarán basadas na primeira e só serán seguidas dependendo do estado de alarma e as indicacións que nos faciliten dende a inspección educativa.

As modificacións expostas para cada unha das dúas últimas non anularán as partes da primeira coas que non tiveran unha implicación directa.

METODOLOXÍA E PLANTEXAMENTOS DIDÁCTICOS

1.- FASE PRESENCIAL

A estrutura xeral de cada unidade é a seguinte:

Presentación da unidade, cunha breve introdución que expón dun modo xeral, os contidos, relacionados cunha imaxe, ben da natureza, ben de realizacións plásticas. Esta introdución serve de elemento motivador, entroncando os contidos da unidade, coa realidade e co entorno.

A continuación, exposición dos contidos. Procurando que esta exposición sexa breve e concisa e vaia acompañada de numerosas imaxes que axuden a entender os distintos conceptos, aludindo moitas veces a temas transversais.

Unha parte importante de todas as unidades é a dedicada á arte, á percepción e á análise de obras artísticas. Facendo fincapé no papel, esquecido, da muller na arte.

Realización de traballos (láminas, proxectos ou traballos escritos) para favorecer a aprendizaxe debendo ser este froito dunha intensa actividade do alumno, baseada na observación, a relación entre coñecementos, a análise e comprobación dos mesmos, o intercambio de puntos de vista e as realizacións e experimentacións propias. É fundamental que o alumno ademais de aprender a ver, consiga aprender a facer.

A entrega dos proxectos ou láminas corrixidas, implica por parte do profesor unha corrección puntual, rápida e concienzuda, para a posterior corrección, por parte dos alumnos, do traballo que se estará realizando a continuación, dándolle ao mesmo a posibilidade de entregar láminas secundarias ou opcionais, sendo estas tamen un tanto por cento da nota final dos traballos ou láminas.

O profesor debe actuar como elemento canalizador e dinamizador, plantexando unha ampla gama de situacións que axuden ó alumno/a a relacionar os contidos, os obxectivos e os temas transversais, en cada caso.

Realización dunha ou dúas probas por avaliación, con contidos prácticos e teóricos.

2.- FASE SEMIPRESENCIAL.

A estrutura xeral de cada unidade será a mesma que na avaliación presencial, utilizando nalgúns temas, explicacións con recursos didácticos web.

Farase dentro do posible, a valoración de traballos ou láminas e probas de contidos como na avaliación presencial.

3.- FASE NON PRESENCIAL.

A estrutura xeral de cada unidade será a mesma que na avaliación presencial, utilizando para as explicacións recursos didácticos web.

A valoración cambiará e quedando explicada nas pautas de avaliación.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

1.- FASE PRESENCIAL

Material informático, canón, proxector de transparencias e taboleiro, para o manexo do profesor da materia.

Apuntes dados polo profesor da materia.

Fichas ou láminas dadas polo profesor da materia, identificadas co selo do centro, liña de proporcións e curso académico.

Rotuladores, lapis de cores, tempera, acrílicos, pasteis, carboncillos, distintos tipos de papel, pinceis..., material común dos alumnos mercado e dado polo profesor da materia.

2.- FASE SEMIPRESENCIAL

Material informático, canón, proxector de transparencias e taboleiro, para o manexo do profesor da materia.

Apuntes dados polo profesor da materia.

Fichas ou láminas dadas polo profesor da materia, identificadas co selo do centro, liña de proporcións e curso académico.

Rotuladores, lapis de cores, tempera, acrílicos, pasteis, carboncillos, distintos tipos de papel, pinceis..., material común dos alumnos mercado e dado polo profesor da materia.

Recursos web adaptados ao nivel e traballo para poder realizar os traballos na casa.

3.- FASE NON PRESENCIAL

Apuntes dados polo profesor da materia. Recursos web con videos explicativos dos temas dos apuntes dados polo profesor.

Fichas ou láminas dadas polo profesor da materia, identificadas co selo do centro, liña de proporcións e curso académico.

Recurso web adaptados ao nivel e traballo para poder realizar os traballos na casa. Lámina por lámina e exercicio por exercicio.

PROCESO DE AVALIACIÓN DOS ALUMNOS/AS.

Fixado na reunión do D.D. de E.P.V.e A., luns 6 de setembro de 2021, para o curso académico 2021 / 2022.

1.- PAUTAS DE AVALIACIÓN PRESENCIAL.

O Departamento de Educación Plástica, Visual e Audiovisual a partir da metodoloxía exposta no proxecto didáctico, programa unha avaliación continua de métodos, onde o alumno/a será avaliado na mellora da súa comprensión e expresión plástica dentro do seu proceso de ensino-aprendizaxe. Dita avaliación levarase a cabo mediante a realización de varias probas puntuais que permitan avaliar o nivel acadado polo alumnado tanto de contidos como de competencias. Os contidos serán desenvolto mediante a realización de láminas e/ou proxectos sendo imprescindible unha realización mínima para a superación de cada unha das avaliacións e do curso. Todo isto sen esquecer a avaliación individualizada de cada alumno/a, tendo en conta os seus coñecementos previos e os esforzos realizados ó longo do curso para chegar a acadar os contidos fixados polo Departamento. Valorarase tamén a participación na clase e a asistencia á mesma co material indicado para cada circunstancia.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN:

Realizarase unha avaliación por trimestre, tendo en conta as datas establecidas no Claustro para as mesmas e os contidos acadados. Os procedementos para avaliar en cada unha das avaliacións trimestrais serán os seguintes:

1.- Exercicios prácticos, presentaranse unha serie de Láminas Primarias ou Obrigatorias (cos exercicios realizados e corrixidos na clase), Láminas Secundarias ou Opcionais, e Traballos Específicos (Proxectos ou traballos escritos) individuais ou en grupo, propostos polo profesor que imparte a materia.

Para cada lámina PRIMARIA-OBRIGATORIA ou PROXECTOS, o profesor fixará unha data límite de entrega. Pasada esta data a lámina ou proxecto será valorado/a como Apto/a ou Non Apto/a, tendo en conta o acerto conceptual e formal dos traballos, o trazado, a limpeza e un mínimo de nivel de calidade. É importante ter entregadas todas as láminas PRIMARIAS-OBRIGATORIAS ou PROXECTOS fixados polo profesor da materia, dentro da data tope sinalada. Se non se entregou algunha lámina das PRIMARIAS no prazo final fixado, data do exame de cada parcial, esta constará cunha nota de cero para facer media.

Aquelas láminas PRIMARIAS-OBRIGATORIAS que sexan imposibles, polo seu tempo de execución, de realizar nunha proba de avaliación, no caso de non ser entregadas polo alumno, ademais de ser avaliadas con cero, supoñeran un -1 na media da nota acadada nas láminas PRIMARIAS-OBRIGATORIAS entregadas.

O número de láminas SECUNDARIAS-OPCIONAIS a realizar para conseguir os dous puntos por avaliación, será en función da súa dificultade, sendo estas entre catro e dez por parcial. Na mesma semana do exame só se recollerán láminas obrigatorias e non se aclararan dúbidas polo Departamento. Todas estas láminas opcionais terán un nivel adecuado de calidade na súa presentación, trazado e limpeza, para optar a súa valoración.

2.- Controis Teórico-Prácticos, 1º e 3º ESO, constarán dunha parte teórica que será entre un 15% e un 35% e unha práctica, entre un 85% e un 65%, con exercicios realizados, na práctica, nas horas de clase.

No caso de 4ºESO, poderá substituírse a parte teórica dos exames por traballos, cun valor de 1 punto a sumar ao exame da avaliación, cun máximo dun traballo por avaliación e un mínimo dun por curso. A parte práctica constará de exercicios baseados nos feitos na clase. Puntuaranse os traballos según especifica a parte da programación relativa a 4ºESO.

3.- Consideraranse cunha Avaliación Final positiva da materia aqueles alumnos/as que cumpran os criterios de avaliación tras superar as tres avaliacións. A nota de cada avaliación, será o resultado da valoración do ou dos controis trimestrais sobre os contidos, e de todos os traballos e láminas presentados en prazo, tendo en conta as capacidades de cada alumno/a.

4.- Rematada a fase de avaliación, aqueles alumnos/as que non acaden os contidos do trimestre a avaliar, realizarán unhas probas de recuperación. Na proba de recuperación do terceiro trimestre darase a posibilidade de recuperar a materia aos alumnos que teñan trimestres avaliados negativamente nas probas de recuperación anteriores.

5.- Para os alumnos que acaden unha avaliación negativa nas avaliacións puntuais durante o curso, programaranse diferentes actividades de reforzo, a criterio do profesor, coas que o alumno poderá reincorporarse á marcha do grupo. Nestas probas contéplase tamén, e cando o profesor o considere necesario, que o alumno/a realice algunhas láminas ou traballos a maiores, que deben ser presentadas dentro dun prazo prefixado, pasando estes traballos a ser de carácter obrigatorio.

6.- O alumno/a entregará, por parciais e ao final de curso, tal como considere o profesor, todas as láminas e traballos propostos no curso académico, máis os propostos para el en particular se fose o caso, encarpados segundo criterio do profesor que imparte a materia, dentro da data tope sinalada, presentación que se valorará o final do curso.

PORCENTAXE DE CADA UNHA DAS PARTES NA NOTA:

Controis de conceptos prácticos e teóricos:

Representarán un 50% da nota da avaliación. Cada avaliación terá un ou dous controis parciais.

Actividades prácticas LÁMINAS PRIMARIAS-OBRIGATORIAS:

Representan, despois de facer a súa media aritmética, un *40% da nota da avaliación.*

Láminas SECUNDARIAS-OPCIONAIS e actitude diaria ante a materia na clase:

Representarán un 10% da nota da avaliación.

Cualificación, aspectos que se valoran:

Dos controis de conceptos prácticos e teóricos:

- Comprensión conceptual e emprego do vocabulario específico.
- Correcta realización dos exercicios prácticos, con todos os pasos, deixando constancia dos métodos e liñas auxiliares necesarias para súa interpretación e corrección.
- Claridade nos resultados (remarcados á groso).

Das actividades prácticas:

- Nivel de comprensión conceptual.
- Correcta realización dos exercicios.
- Habilidade e destreza.
- Imaxinación e creatividade.
- Presentación, orde, limpeza e minuciosidade na atención ás medidas e rotulación.
- Traballo, esforzo e tempo invertido na realización dos traballos, individuais e de grupo.
- Puntualidade na entrega.

Da carpeta de traballos:

- Claridade na exposición dos conceptos.
- Presentación, orde e limpeza.
- Correcta realización dos trazados.
- Traballo voluntario e iniciativas persoais.
- Puntualidade na entrega.

Da actitude diaria na clase:

- Asistencia diaria sen faltas inxustificadas e traendo o material necesario.
- Puntualidade.
- Constancia, formalidade e honestidade no traballo.

- Respecto ás normas de convivencia.
- Participación e interese pola materia
- Actitude cara ós contidos da área e atención ás explicacións.
- Fixación dos conceptos.
- Progreso en habilidades e destrezas.
- Coidado do material persoal, alleo e colectivo.

ACLARACIÓNS SOBRE PROXECTOS E LÁMINAS:

Todas as láminas/proxectos entregados no prazo fixado estarán valorados sobre 8, se non chegasen a un mínimo de calidade serán cualificados como Non Aptos (NA) implicando a súa repetición obrigatoria.

No caso dos proxectos de 4ºESO a súa nota fará media coa media das láminas primarias ou obrigatorias.

No caso das láminas/proxectos, Primarios-Obrigatorios, entregados fóra de data, se teñen un mínimo de calidade, serán avaliados como Apto (A), cunha nota máxima de 5 sobre 8. Se non tivesen unha calidade mínima se cualificarán como Non Apto (NA), implicando a súa repetición obrigatoria. Despois do último exame de cada parcial, os láminas/proxectos Primarios-Obrigatorios non entregados, serán valorados cun cero.

Aclarase que:

- Unha lámina NA é unha lámina non entregada.
- Non se corruxirán mais dun 50% das láminas obrigatorias do trimestre no último prazo de entrega.
- Queda a criterio do profesor os casos xustificadas de falta de asistencia o Centro.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DE XUÑO

Nas probas Extraordinarias de XUÑO non será obrigatoria a entrega de tódolos traballos feitos durante o curso.

A proba da Convocatoria Extraordinaria de XUÑO consistirá na realización dun exame teórico-práctico do exposto como materia impartida na memoria final de curso do D.D.E.P.V e A. Podendo chegar a parte teórica ata un 50% da valoración da proba, sendo o restante a parte práctica, debuxo xeométrico.

PENDENTES

Para a avaliación dos alumnos/as coa materia pendente o Departamento de Educación Plástica Visual e Audiovisual seguirá o procedemento común fixado e aprobado para todos os Departamentos do IES de Viós.

Resumo:

1º Faranse dúas partes coa materia de cada curso e realizaranse dous exames.

Pódese presentar un bloque (un por cada exame) de exercicios ou láminas que serán avaliados cunha nota máxima de 1 a sumar a cada un dos exames.

Se a valoración dos mesmos é igual ou superior a cinco, a materia considerarase recuperada.

Se a valoración dos mesmos está entre catro e cinco poderá estar aprobado se o bloque de exercicios correspondentes se realizou cun mínimo de nivel da calidade, según as pautas de corrección dos exercicios prácticos dentro da programación xeral.

2º Cando o alumno non acade o cinco co método anterior terá a posibilidade dun exame final de toda a materia.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Para a promoción do alumnado seguirase o indicado na lexislación así como os acordos de centro sobre a mesma.

2.- PAUTAS DE AVALIACIÓN SEMIPRESENCIAL.

Con respecto as pautas anteriores só cambiarán as pautas de entrega de traballos e láminas, as cales pasarán a ser máis ríxidas.

Cada lámina e a súa respectiva opcional, quedarán máis espaciadas as entregas, tendo unha soa data e hora de entrega, pasada esta os traballos serán puntuados como cero. No caso de falta de entrega será valorado polo profesor a súa corrección. Deberían xustificarse de forma oficial e con tempo as faltas nas entregas.

Os controis serán realizados na parte presencial non modificándose as súas pautas, tanto os de avaliación como os de recuperación.

3.- PAUTAS DE AVALIACIÓN NON PRESENCIAL.

Non cambiará a forma de puntuación das láminas e dos controis pero si a súa porcentaxe na nota final.

As LÁMINAS OU TRABALLOS, que se valoraban, como OBRIGATORIOS con 8 puntos e OPCIONAIS con 2 puntos. Representarán un 70% da nota final.

Os CONTROIS, que se valoraban con 10 puntos, representarán un 30% da nota final.

Farase só unha recuperación ao final de curso constando dun CONTROL que substituirá a nota media dos controis.

TRABALLOS 4ºESO: ACLARACIÓNS, PROCESO DE AVALIACIÓN DOS ALUMNOS/AS DE 4ºESO.

Para a avaliación dos alumnos/as de 4ºESO, de E.P.V. e A., seguiranse os procedementos de avaliación propostos para 1º e 3ºESO fixados na reunión do D.D. de E.P.V.e A., Setembro de 2021, para o curso académico 2021 / 2022, coa excepción do punto 2º, PÁX. 55, dentro dos procedementos de avaliación no que para este curso e materia será: 2º Como "sustitución" da parte teórica dos exames, propoñeránselles aos alumnos/as traballos escritos de investigación sobre temas ou personaxes relevantes para a materia e relacionados directamente cos temas impartidos. Estes traballos serán de carácter obrigatorio ou opcional, marcado polo profesor, tendo sempre unha valoración de 1 punto a sumar á nota sacada no exame da avaliación, sendo un máximo dun traballo por avaliación e un mínimo dun por curso.

VALORACIÓN DE TRABALLOS ESCRITOS 4ºESO

OBXECTIVO	PUNTOS	EXCELENTE; 1	ALTO; 0.75	BAIXO; 0.5	MOI BAIXO; 0.25
CONTIDO	1	O tema obxecto do traballo está ben definido e tratase de forma adecuada.	O tema está definido parcialmente, pero tratase de forma adecuada.	O tema está bien definido, pero deixanse puntos importantes sen tratar.	O tema está definido parcialmente e a información é escasa.
	2	O texto mostra que o coñecemento acerca do tema é excelente.	O texto mostra que o coñecemento acerca do tema parece ser bó.	O texto mostra certos erros na asimilación do contido.	O texto mostra erros e carencias na asimilación do contido.
	3	O uso de imaxes e infografías é amplo e adecuado.	O uso de imaxes e infografías é correcto.	O uso de imaxes e infografías é limitado, pero adecuado.	O uso de imaxes e infografías non aporta nada ao traballo.
	4	O traballo ten un ou ningún erro ortográfico ou gramatical.	O traballo ten entre 2 e 4 erros ortográficos ou gramaticais.	O traballo ten entre 5 e 7 erros ortográficos o gramaticais.	O traballo ten 8 ou máis erros ortográficos ou gramaticais.
	5	A presentación do traballo é esmerada e coidada.	A presentación do traballo é adecuada.	A presentación do traballo é algo pobre.	Descoídouse a presentación do traballo.
ORGANIZACIÓN	6	A portada introduce o tema obxecto do traballo e os autores, e é seguida por un índice.	A portada só indica o tema obxecto do traballo, e é seguida por un índice.	A portada introduce o tema obxecto do traballo e os autores, pero non ten índice.	A portada non introduce no tema obxecto do traballo ou a os autores, e non ten índice.
	7	El contido do traballo está ben estruturado; unha idea segue a outra en unha secuencia lóxica, con transicións e uso de títulos claros, mantendo o formato. É sinxelo de ler.	O traballo está bastante organizado; aunque algunha idea parece fora de lugar, as transicións entre o resto de ideas son lóxicas e o orde empregado é claro. Ademais, mantense o formato, facilitando a súa lectura.	O traballo é un pouco difícil de seguir; algunhas ideas parecen fora de lugar ou se empregaron mal as transicións entre elas, e non se mantén nin o orde nin o formato.	As ideas dentro do traballo parecen estar ordeadas ao chou, con algunhas totalmente fora de lugar. Ademais, non se mantén o formato; costa lelo.
	8	O final do traballo inclúe unha reflexión e conclusións propias.	O final do traballo inclúe unha reflexión.	O final do traballo inclúe conclusión, pero ningunha reflexión.	O final do traballo non inclúe reflexión nin conclusións, ou se as inclúe, pero parecen copiadas de outra fonte.

AVALIACIÓN INICIAL - MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE E INCLUSIÓN

Realizarase unha avaliación inicial con contidos moi xerais da materia tipo test, de completar frases e oralmente.

Descrición do grupo despois da avaliación inicial:

A hora de plantexar as medidas de atención a "diversidade e inclusión" analizamos, en primeiro lugar, a información suministrada por Xefatura de estudos, sobre cada grupo de alumnos y alumnas de 1ºESO, pois os de 3ºESO xa foron alumnos do unico membro deste Departamento; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

O número de alumnos e alumnas.

O funcionamento do grupo (clima del aula, nivel de disciplina, atención...).

As fortalezas que se identifican no grupo en canto a desenvolvemento de contidos curriculares.

As necesidades que se identifiquen; conven pensar esta fase nos aclara como abordar as situacións (planificación de estratexias metodolóxicas, gestión da aula, estratexias de seguemento da eficacia de medidas, etc.).

As fortalezas que se identifican no grupo en canto os aspectos competenciales. Os desempeños competenciales prioritarios que teremos que practicar no grupo nesta materia.

Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar aos alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.

Os tipos de recursos que se necesitan adaptar ao nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Necesidades individuais:

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, sinon que tamén nos proporciona información acerca dos diversos aspectos individuais dos nuestros estudantes; a partir dela poderemos:

Identificar aos alumnos ou alumnas que necesitan un maior seguemento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Se debe tener en conta a aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que necesiten atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).

Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, ubicación de espazos, gestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).

Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van a empregar.

A atención do alumnado na aula entendese o máis individualizada posible na fase de realización das actividades, tendo en conta o número de alumnos/as por aula. En cada unidade didáctica encauzaranse os comportamentos e necesidades, tendo en conta as dificultades de comprensión e de falta de habilidade de algúns alumnos/as, que precisaran unha axuda complementaria.

Na realización dos exercicios poderase, pola idiosincrasia da materia, adaptar máis axustadamente as diferencias entre alumnos/as, con pequenas modificacións do resultado esperado ou realización seleccionada de partes dos exercicios, chegando en algúns casos a detectar carencias graves e necesidades educativas especiais que requiran unha intervención determinada ou unha adaptación do currículo. Estas adaptacións do currículo ou intervencións concretas serán en colaboración co Departamento de Orientación e informado o equipo docente, que se concretarán en modificacións nas características das actividades propostas, flexibilización nos prazos de entrega, realización de

probas de avaliación específicas, deseño de actividades individualizadas de reforzo ou outro tipo de estratexias que non impliquen un cambio substancial no currículo, adaptacións de métodos e case nunca de contidos.

Analizar o modelo de seguemento que se vai utilizar con cada un deles.

Acotar o intervalo de tempo e o modo en que se van a avaliar os progresos destes estudantes.

Fixar o modo en que se vai a compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto dos docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

ACTIVIDADES:

- Participación nos concursos de carteis, tarxetas de Nadal, etc. que vaia convocando o Centro ou outras institucións ó longo do curso.
- Colaboración ou realización de visitas culturais relacionadas coa materia.
- Colaboracións contando coa participación dos alumnos nos traballos organizados polo centro, Biblioteca, carteis conmemorativos, montaxes, etc.....

OBXECTIVOS:

- Tomar contacto directo con manifestacións artísticas contemporáneas e aprender a valoralas contrastándoas con outras de carácter histórico.
- Apreciar diferentes estilos arquitectónicos e observar as características dos edificios de acordo coa súa funcionalidade.
- Tomar conciencia do Patrimonio Histórico-Artístico.
- Apreciar e valorar os elementos do Deseño Urbanístico.
- Valora a importancia da linguaxe visual e plástica como medio de expresión e de comunicación de mensaxes.
- Tomar contacto cos elementos fundamentais do Deseño Gráfico.
- Planificar, individual ou en grupo, as fases do proceso de creación e realización dun proxecto.

VALORACIÓN

Despois de cada actividade o Departamento analizará a mesma, facendose, entre outras preguntas:

- Conseguíronse os obxectivos propostos a partir das actividades realizadas?
- Cal foi o resultado da realización das actividades?
- Cales delas gustaron máis?
- Que propostas de mellora podemos sinalar?

TEMAS TRANSVERSAIS.

Os temas transversais, valores que favorecen a madurez intelectual e humana dos alumnos, vanse integrando no plantexamento das unidades ou ben implicaranse na resolución dos traballos propostos polo profesor. Tratando estes cando, ademais de ter relación coa unidade, surxan situacións na aula que o aconsellen.

Educación moral e cívica:

- Participación nas tarefas comúns, mostrando actitudes de solidariedade e colaboración.
- Responsabilidade no traballo e gusto polo traballo ben feito.
- Coñecemento dos cauces de participación cidadá e a súa evolución.
- A diversidade cultural.

Educación para a paz:

- Análise crítico dos conflitos sociais.
- Utilización do desenvolvemento científico con fins pacíficos.
- Respecto a diversidade persoal, económica, étnica, cultural e social.
- Acercamento á arte como patrimonio universal que fomenta a convivencia pacífica dos pobos.

Educación para a saúde. Educación sexual:

- Influencia do progreso social na mellora da saúde e das condicións de vida.
- Solidaridade e axuda internacional para a resolución dos problemas sanitarios básicos.
- Utilización dunha linguaxe non sexista.

Educación para a igualdade de oportunidades dos dous sexos:

- Fomentar a igualdade e a non discriminación por razóns de sexo, a través do acercamento e desenrolo do feito plástico e visual.
- Utilizar o método de traballo en equipos, para estimular a convivencia e asumir o reparto de tarefas e responsabilidades, sen distinción entre alumnos e alumnas.
- Desenrolar a capacidade de autoestima ante a satisfacción persoal que produce a realización práctica dos proxectos deseñados.

Educación ambiental:

- Observación da natureza para inspirarse nas creacións artísticas.
- Equilibrio entre desenrolo económico e conservación.
- Participación cidadá na conservación medioambiental.

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Neste apartado imos promover a reflexión e a autoevaluación da realización e o desenvolvemento da programación didáctica. Para elo, ao finalizar cada unidade didáctica propoese una secuencia de preguntas que permitan avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

Alcanzouse o nivel de coñecementos proposto?

Temos moita diferenza de coñecementos entre os alumnos?

Podería variar a forma de presentar o tema, e darlle un enfoque máis motivador?

Os proxectos realizados alcanzaron o seu propósito?

Podería presentarlles outros?

.....

Do mesmo modo, propoñese o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta se vai realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte. Dita ferramenta describese a continuación:

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MEJORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL	A DESTACAR...
Temporalización das unidades didácticas				
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos				
Manexo dos contidos da unidade				
Desempeños competenciales				
Realización de tarefas				
Estratexias metodolóxicas seleccionadas				
Recursos				
Claridade nos criterios de avaliación				
Uso de diversas ferramentas de avaliación				
Atención a la diversidade				
Interdisciplinariedade				

INDICADORES DE LOGRO

Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

1. Indicadores de logro do proceso de ensino.

	Escala		
	1	2	3
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.			
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.			
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.			
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.			
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.			
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.			
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.			
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.			
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.			
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.			
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.			
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.			

2. Indicadores de logro da práctica docente

	Escala		
	1	2	3
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.			
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.			
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.			
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.			
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.			
6. Combínase o traballo individual e en equipo.			
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.			
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.			
9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.			
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.			
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.			
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.			
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.			
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.			
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.			
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.			
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...			

Viós, a 6 de Setembro de 2021

O Xefe de Departamento;



Asdo.: F. Beltrán del Riego.